

Transformando
a educación,
transformamos
o mundo.



VIVIMOS NUN NOVO CONTEXTO

O mundo está cambiando. Constantemente. Temos pasado de falar en persoa a comunicarnos con emojis. Cada ano xorden novos tipos de traballo, novas tecnoloxías, novas formas de relacionarnos, de aprender...

O mundo está inmerso nunha revolución.

E a educación necesita adaptarse, explorar e construír o seu futuro. Por iso, nace o Novo Contexto de Aprendizaxe -NCA-, unha innovadora forma de pedagogía que pretende formar os nenos e as nenas, desenvolvendo os seus talentos e facéndoos competentes para construír o seu propio futuro.



FAN FALTA NOVAS COMPETENCIAS

As nosas fillas e fillos teñen un potencial incrível. **Poderán ser o que queiran ser**, pero hai que guialos e preparalos para ese futuro que require novas habilidades e competencias, non só a nivel laboral, senón tamén como persoas.

Para iso, o NCA trata de acompañalos nese camiño de aprendizaxe e mellora con novas tecnoloxías que xunten a **aprendizaxe cooperativa, a creatividade, a responsabilidade e a visión solidaria**. O futuro necesita persoas completas, curiosas, capaces de convivir, con autonomía persoal, emprendedoras, con espírito crítico e iniciativa.

Canto máis formada estea a persoa, canto máis se esperte o seu interese, canto máis capaz sexa de ler a realidade, maior será a súa capacidade de transformar o mundo.

Esta filosofía é a que nos impulsa a desenvolver este novo sistema de educación integral.

DESEÑAMOS NOVAS EXPERIENCIAS DE APRENDIZAXE

A innovación na formación pertence á nosa esencia. De feito, contamos xa con varios **programas de innovación propios en marcha**:

ULISES (Estimulación neuronal temperá)	CREA (Desenvolvemento da creatividade)
IRATI (Ferramentas de xestión do coñecemento)	LECTURA EFICAZ
OPTIMIS (Desenvolvemento de capacidades intelectuais)	HARA (Educación na Interioridade)
ESTRUTURA COOPERATIVA DA AULA	

Agora o **Novo Contexto de Aprendizaxe** chega como unha **proposta educativa pioneira e nova, nacida en La Salle** como evolución do posto en marcha nos últimos anos.

Trátase dun novo sistema en constante investigación que crece a diario ofrecendo unha resposta actualizada. Falamos **dunha aprendizaxe a través da investigación, a experimentación e a cooperación** con proxectos que desenvolven a responsabilidade individual e comunitaria.

Participación das familias como parte esencial no desenvolvemento e execución do Novo Contexto de Aprendizaxe.

Somos unha comunidade educativa na que os **pais e nais, colexio, educadores e alumnado** teñen moito que achegar. E sempre sabendo que o alumno é o centro.

Máis de 6.000 educadores nos nosos 105 centros La Salle están sendo formados neste novo sistema.

O profesorado ten un novo papel: guía, observa, dialoga, acompaña e estimula co seu testemuño. Ademais, comparte con familias e a comunidade escolar a evolución e o crecemento do alumnado.

FUNDAMENTAR O SABER, SABER FACER E O SER

Como se aprende a aprender? Con **obradoiros e proxectos interdisciplinares** que leven á experimentación e á interiorización. Por iso gústanos “facer” para desenvolver o “ser” e afianzar o “saber”. Porque ninguén aprende a patinar lendo un libro, senón facéndoo e caéndose.

Trátase de aprender a **buscar fórmulas creativas na resolución de retos e problemas**. Como? **Mediante a iniciativa persoal**, guiados pola curiosidade e as necesidades reais, e apoiados polo adestramento de procedementos relacionados coas linguas e a matemática.

Aprendizaxe colaborativa baseada en proxectos, coa creatividade e a experiencia como vehículos.

O educador exerce de mentor. Guía o estudante cando ten dúbidas e se atasca para conseguir **desenvolver os seus talentos**.

Explorar e innovar teñen en La Salle unha razón de ser: **o noso compromiso co alumnado**. Calquera iniciativa que tomemos terá sempre un propósito: formalos como persoas responsables, creativas, empáticas, cunha gran vida interior, xustas, e sobre todo, capaces de transformar o mundo.